



AUTORIZACIÓN PARA O TRATAMENTO DE IMAXES DE ALUMNOS/AS EN ACTIVIDADES NON DOCENTES

ALUMNO/A

NOME E APELIDOS	IDADE	DNI
-----------------	-------	-----

PAI / NAI / REPRESENTANTE LEGAL

NOME E APELIDOS	DNI
DOMICILIO	
LOCALIDADE	CP
EMAIL	TELÉFONO

O/A pai/nai/representante legal⁽¹⁾ do alumno/a arriba especificado **AUTORIZA** ao INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA PEDRO FLORIANI dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e de acordo coas condicións e termos indicados a continuación, a realizar a captación e difusión de imaxes, fotografías, vídeos, vídeos con voz, material gráfico, etc. (en diante, as imaxes) do alumno/a coa finalidade de promover as actividades e eventos festivos, conmemorativos, deportivos ou culturais, organizados polo centro docente e realizados tanto dentro como fóra deste.

A publicación das imaxes poderase realizar a través das seguintes canles ou medios de difusión da actividade⁽²⁾ do centro:

PÁXINA WEB DO CENTRO: https://www.edu.xunta.gal/centros/iespedrofloriani/	Autoriza <input type="checkbox"/>	Non autoriza <input type="checkbox"/>
REDES SOCIAIS: https://www.facebook.com/pedro.floriani.90/	Autoriza <input type="checkbox"/>	Non autoriza <input type="checkbox"/>
Documentos ou memorias de actividades, revista do centro, trípticos, carteis ou montaxes multimedia de promoción de actividades.	Autoriza <input type="checkbox"/>	Non autoriza <input type="checkbox"/>
OUTROS (especificar):	Autoriza <input type="checkbox"/>	Non autoriza <input type="checkbox"/>

A presente autorización entenderase feita a título gratuito e as imaxes serán conservadas durante o tempo necesario para a consecución das finalidades indicadas ou, no seu caso, en tanto as persoas interesadas non retiren o consentimento outorgado.

En _____, a ____ de _____ de 202__

Asinado: O/A alumno/a

Asinado: Nai, pai, ou representante legal

(só no caso de que teña cumpridos catorce anos)

(se o/a menor non ten cumpridos os catorce anos)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
Finalidades do tratamento	Difusión e promoción das actividades indicadas organizadas polo centro INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA PEDRO FLORIANI
Lexitimación para o tratamento	Consentimento outorgado polo/a interesado/a.
Destinatarios dos datos	As imaxes poderán ser publicadas, coa mesma finalidade, a través dos medios detallados anteriormente.
Exercicio dos dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar ante o/a responsable do tratamento o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, así como retirar o consentimento outorgado, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos . Tamén poderán retirar o consentimento outorgado presentando a súa solicitude ante o propio centro docente. A retirada do consentimento non afectará a licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada. No caso de menores que teñan cumpridos 14 anos ou máis, poderán exercer estes dereitos por si mesmos.
Contacto delegado/a protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

⁽¹⁾ A autorización outorgada por un dos proxenitores entenderase prestada co consentimento expreso do outro, conforme aos usos sociais e as circunstancias nas que se recolle.

⁽²⁾ A difusión da imaxe a través de redes sociais e outras canles alleas á Consellería podería supoñer unha transferencia internacional de datos persoais a destinatarios establecidos fora do Espazo Económico Europeo en países que non fosen declarados de nivel adecuado de protección.